



Confederación Intersindical Galega  
**ENSINO**

Secretaría Nacional  
[galiza@cig-ensino.gal](mailto:galiza@cig-ensino.gal)  
Tel: 981576800

Na Mesa Sectorial que tivo lugar o pasado 9 de maio de 2017, a Consellaría presentou un documento no que se recollía o procedemento de recoñecemento como servizos prestados dos días correspondentes ás vacacións aboadas non gozadas.

Nese documento a Consellaría comprometéase a elaborar unha proposta de resolución de recoñecemento deses días e enviala por correo electrónico a cada persoa interesada. Unha vez rematado ese prazo a Consellaría procedería a aboar de oficio os atrasos que procedan en concepto de trienios tomando como referencia de cómputo o día 10 de maio de 2017.

Na Mesa, a Consellaría indicou que esas resolucións se iniciarían no mes de novembro. Nestes momentos, xa moi avanzado o mes, a CIG-Ensino non ten constancia de que o profesorado afectado recibise ningunha comunicación, polo que nos diriximos a vostede para que execute á maior brevidade posíbel o compromiso adquirido e o profesorado poda coñecer nos prazos previstos os servizos prestados que a Consellaría lle recoñece.

Por último, reiteramos dúas demandas xa adiantadas na Mesa Sectorial. Por un lado, demandamos que o prazo para alegacións se amplíe a 15 días hábiles en vez dos 10 días que a Consellaría anunciou na Mesa. Por outro, instamos á Consellaría a que compute ese tempo de servizos prestados non só a efectos de trienios senón tamén de sexenios, evitando deste xeito que o profesorado teña que reclamar polo adianto do cumprimento dos sexenios e os seus posíbeis efectos económicos.

Reciba un saúdo cordial.

Compostela, martes, 21 de novembro de 2017

Xesús Bermello García  
Secretario Nacional CIG-Ensino

**SR. CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U.  
EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE SAN CAETANO. SANTIAGO DE COMPOSTELA**